

# 5



## 5) AGRUPACIONES E ACTUACIONES DE XESTIÓN CONXUNTA.

# Introdución e obxectivos



As agrupacións de xestión conxunta terán como finalidade a xestión de maneira conxunta e sostible dos terreos agroforestais integrados no perímetro de actuación co fin de explotalos, recuperalos e poñelos en valor, previndo e impedindo o seu abandono.

O obxecto das agrupacións de xestión conxunta será, de forma exclusiva, un ou varios dos seguintes:

- Mobilización dos terreos agrogandeiros ou forestais.
- Explotación e aproveitamento conxunto dos terreos agrogandeiros ou forestais mediante unha xestión sostible e multifuncional dos produtos e servizos, contribuíndo a aumentar a que as producións sexan máis rendibles e de maior calidade.
- Produción e comercialización conxunta dos produtos agrogandeiros e forestais, a realización de melloras no medio rural, a promoción e desenvolvemento agrarios, e a prestación de servizos comúns para dita finalidade.
- No caso das agrupacións agroforestais, a xestión activa e sostible segundo o instrumento de ordenación forestal e xestión forestal, e a valorización das masas consolidadas de frondosas autóctonas.
- Apoio á xestión sostible a estratexias de mitigación fronte ó cambio climático e as políticas activas de descarbonización, así como protexer a biodiversidade.
- Restauración e conservación de ecosistemas agroforestais.

# Destinatarios

---

Poderán solicitar o recoñecemento como agrupacións de xestión conxunta as seguintes entidades, cuxa actividade se desenvolva en terreos agroforestais en Galicia:

- Asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o auxilio, apoio e asesoramento a persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos en xestión agroforestal.
- Sociedades civís e comunidades de bens.
- Cooperativas e outras entidades de economía social.
- Sociedades agrarias de transformación.
- Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital.
- Sociedades de fomento forestal, para o caso de agrupacións de xestión conxunta forestal.
- Calquera outra que teña como obxectivo a recuperación, de forma conxunta, de terras agroforestais.

# Requisitos

---

- Deberán dispoñer da xestión dunha superficie mínima de 10 ha.
- Disposición dos dereitos de uso da superficie das terras incluídas no ámbito da actuación de xestión conxunta. Estes dereitos deberán de ser maiores ó 70% da superficie de terras totais incluídas na iniciativa.
- Os terreos incluídos dentro do ámbito da iniciativa, non poderán formar parte doutra agrupación co mesmo obxecto.
- As persoas/entidades que forman parte da agrupación deberán firmar un compromiso de pertenza e cesión da xestión á agrupación durante o tempo previsto de vixencia de actuación.
- Estas agrupacións poderán firmar acordos de cesión coas persoas titulares dos terreos para o uso e aproveitamento das fincas destes últimos. Estes acordos incluírán expresamente a obriga da persoa cesionaria de cumprir cos prazos de cesión.
- Cando se trate dunha agrupación de xestión conxunta de natureza mercantil, os estatutos da agrupación deberán incluír as seguintes previsións:
  - A maioría dos dereitos de voto deberá ser exercida polas persoas socias que aporten a propiedade ou os dereitos de uso das parcelas.
  - Os dereitos económicos das persoas membro da agrupación.
  - A obriga, de que en caso de obtención de resultados positivos no exercicio económico da entidade, se proceda á distribución dun beneficio económico cunha porcentaxe sobre o resultado do exercicio.

# Solicitud

As solicitudes das persoas interesadas, ademais dos requisitos dispostos *no artigo 66 da Lei 39/2005, do 1 outubro*, do procedemento administrativo, deberán achegar a seguinte documentación (modelo sede electrónica Xunta de Galicia, PR004 título “Solicitud recoñecemento como agrupación agroforestal de xestión conxunta”)

- Datos da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa representante.
- Tipoloxía da agrupación proposta debidamente identificada, expresando o cultivo ou aproveitamento produtivo e as súas características técnicas:
  - NIF e nome da agrupación.
  - Datos de dirección e contacto da agrupación.
  - CNAE principal.
  - Fecha notarial de constitución.
  - Fecha de inscrición no rexistro mercantil, de ser o caso.
  - Superficie total (ha).
  - Superficie da que se dispón de dereitos de uso (ha).
  - Identificación de persoas administradoras.
  - Número de RESFOR da persoa que presta servicios profesionais de xestión forestal.
  - Número de persoas socias.
- Documento xustificativo do cumprimento dos requisitos establecidos na presente lei, e en particular, a constitución da entidade correspondente que vai levar a cabo a actuación de xestión conxunta (aportar estatutos).
- Documentación acreditativa sobre os dereitos de uso da superficie das terras incluídas no ámbito de actuación conxunta.
- Acreditación da dispoñibilidade de medios persoais e técnicos necesarios para a execución da actuación de xestión conxunta.
- Identificación da superficie da iniciativa de actuación de xestión/comercialización conxunta, mediante o conxunto das referencias catastrais, e para cada unha delas, a relación das persoas titulares (NIF e nome) conxuntamente coa súa porcentaxe e dereito sobre la parcela catastral.
- Listado onde, para cada persoa socia, se indique o tipo de participación como socio (de superficie, de capital, mixta), clase de participación (forestal, xeral), número de participacións, e prazo de delegación ou cesión en anos.

# Procedemento

---

1. Presentación de solicitudes
2. La Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá solicitar a rectificación e mellora da solicitude e poderá esixir a aclaración da documentación presentada e a modificación no ámbito de aplicación.
3. A Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural resolverá o recoñecemento de agrupación conxunta e a súa viabilidade da superficie de actuación, así como o seu Rexistro de Agrupacións Agroforestais de Xestión Conxunta.
4. Notificarase a resolución nun prazo de seis meses, que contarán dende a data que tivo entrada no rexistro competente para resolver.



# CONTACTO

Asociación de Grupos De  
Desenvolvemento Rural De Galicia  
Rúa San Marcos, s/n  
15318 – Abegondo  
(A Coruña)  
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>

